

CONVOCATORIA E BASES DA II EDICIÓN DO PREMIO GALICIA SPIN-OFF

Banco Pastor, entidade do Grupo Banco Popular, e Gciencia, o portal da ciencia galega, convocan a segunda edición do Premio Galicia Spin-Off, para recoñecer as mellores iniciativas empresariais xurdidas dende o ámbito das tres universidades galegas.

1. O II Premio Galicia Spin-Off quere recoñecer a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a Empresa e alentar o emprendemento que xorde dende os grupos de investigación universitarios.
2. A convocatoria está aberta a todas as empresas xa constituídas que teñan consideración de spin-off dalgunha das tres universidades de Galicia (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e que así figuren nos rexistros destas Institucións, así como empresas que demostren unha especial vinculación co ámbito universitario ou con centros de investigación universitarios.
3. Non poderán ser candidatas ao Premio as empresas que contén con membros no Xurado nin aquelas que estean participadas por sociedades do Grupo Banco Popular.
4. As empresas candidatas deberán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, aceptando que os organizadores da Convocatoria poidan, no momento que consideren oportuno, verificar o cumprimento das citadas obrigas. Para tales efectos, os candidatos comprométese a facilitar, por solicitude da Organización, a documentación acreditativa necesaria.
5. Os Premios outorgaranse nas seguintes dúas categorías:
 - a. Selo de Calidade

Recoñecerase con esta distinción á empresa que consolidase ao longo do tempo unha traxectoria empresarial de prestixio.
 - b. Idea Emerxente

Recoñecerase con esta distinción empresa que irrompese nos últimos meses cunha idea ou proxecto de marcado carácter innovador.
6. As bases e a evolución das distintas fases do Premio iranse detallando en GCIencia, dentro da sección Galicia Spin-Off do seu espacio Empresa.

Nesa sección se recollerán todas as noticias que xurdan en relación con estes Premios e coas empresas nadas no ámbito das universidades galegas.

7. As empresas interesadas en participar poderán enviar a súa candidatura a só unha das dúas categorías, enviando un correo electrónico á dirección galiciaspinoff@gmail.com cun documento en formato Word ou similar no que se inclúan os seguintes datos:

- Nome da empresa
- Marca comercial
- Categoría á que se presenta
- Vinculación coa universidade
- Persoa de contacto
- Correo electrónico
- Teléfono de contacto
- Páxina web da empresa
- Descrición da empresa (máximo 1.000 caracteres)
- Méritos que xustifican a candidatura (máximo 1.500 caracteres)

O promotor da candidatura poderá achegar ata un total doutros cinco documentos adicionais para reforzar a súa candidatura.

Os datos de carácter persoal que se puidesen recoller nesta Convocatoria, recóllense no ámbito e coa exclusiva finalidade do seguimento, control e desenvolvemento deste, quedando garantido o seu tratamento e protección de acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. O responsable do ficheiro é Eduardo Rolland Etchevers, con domicilio en C/ Poeta Pondal, 14, 36204 Vigo, onde poderá exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

8. A presentación de candidaturas non implica ningún custo e o prazo será do 10 de maio ata o 31 de xullo de 2016, non aceptándose candidaturas fóra de prazo ou que non cumpran os requisitos formais.

9. Entre os criterios para a primeira selección e a posterior concesión dos Premios cóntanse: patentes rexistradas, experiencia de mercado, vinculación ao ámbito universitario, volume de negocio, internacionalización, política de comunicación e mercadotecnia, relevancia do sector, empleabilidade, contribución á creación dunha nova economía, relación coa investigación universitaria, perspectivas de crecemento e todos cantos aspectos permitan acreditar a valía das spin-off gañadoras.

Na categoría Selo de Calidade terase en conta especialmente a consolidación conseguida ao longo do tempo das iniciativas empresariais.

Na categoría Idea Emerxente terase en conta a creación dunha nova spin-off ou empresa vinculada ao ámbito universitario ou a aplicación dun novo coñecemento, proxecto ou idea durante os últimos.

10. Pastor e GCiencia, como organizadores do premio, propoñerán ao Xurado cinco empresas candidatas para cada unha das dúas categorías (Selo de Calidade e Idea Emerxente). O xurado poderá incorporar outras spin-off ou empresas vinculadas ao ámbito universitario que, pola súa relevancia, xulgue que merezan optar ao premio.

11. O Xurado estará formado por representantes de Banco Pastor, Consejo Superior de Investigacioness Científicas (CSIC), Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) e GCiencia, xunto con autoridades do ámbito universitario e empresarial que designará a organización.

12. Do 1 de agosto ao 30 de setembro procederase á deliberación do xurado e durante o mes de outubro faranse públicos os nomes dos gañadores e o día e lugar de entrega de premios.

13. A comunicación de finalistas e gañadores farase directamente coas spin-off gañadoras e faranse públicos a través da web de GCiencia www.gciencia.com.

14. Os Premios consistirán en:

♣ Selo de Calidade: peza física de deseño exclusivo e oferta especial de financiamento a cargo de Banco Pastor.

♣ Idea Emerxente: 2.000 euros, unha peza física de deseño exclusivo e oferta especial de financiamento a cargo de Banco Pastor.

♣ Finalistas Idea Emerxente: peza física de deseño exclusivo e oferta especial de financiamento a cargo de Banco Pastor.

15. Os convocantes dos Premios garanten a total confidencialidade respecto ás prácticas, proxectos e políticas empresariais presentadas. A información recollida durante todo o proceso considérase propiedade exclusiva dos seus autores e será tratada con confidencialidade. A documentación poderá ser utilizada exclusivamente con fins de difusión e notoriedade pública nas diferentes canles de Grupo Banco Popular e GCiencia.

16. As empresas candidatas que non cumpran todos os requisitos non serán tidas en conta. A interpretación das Bases, ou calquera aspecto non previsto nelas, é competencia exclusiva do Xurado, que poderá declarar o premio deserto.

17. As empresas candidatas consenten, ao participar na presente convocatoria, na utilización, publicación e reprodución por parte da Organización da súa denominación social, logotipos, nome comercial e/ou marca comercial, en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación, incluído Internet, ou calquera outro medio da natureza que sexa con fins informativos sempre que estes se relacionen co presente concurso, sen dereito a reembolso de ningún tipo para a empresa candidata.

18. O premio de 2.000 euros correspondente á categoría Idea Emerxente ten a consideración de ganancia patrimonial non suxeita a retención. As repercusións fiscais que a obtención do premio teña na fiscalidade do premiado serán por conta deste, polo que os convocantes dos premios quedan relevados de calquera responsabilidade.

19. Os participantes, polo feito de presentar as súas candidaturas, aceptan as presentes bases e a decisión do Xurado, renunciando a toda reclamación